A BIBLIOTECA, O TEU MELLOR PLAN

Memoría actividades

PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES
6º convocatoria (orde de 23 de abril de 2010 ***)***

Índice

1.-CUMPLIMENTO DOS OBXECTIVOS 4
2.-HORARIO DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA....4
3.-ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS....5
3.A-ESPACIO FÍSICO, EQUIPAMENTO, RECURSOS E FONDOS....5
3.B-CATALOGACIÓN, ORGANIZACIÓN DOS FONDOS....6
3.C.-ORGANIZACIÓN E HORARIO DE APERTURA....8
3.D-FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL....8
Sesións alumnado sobre a organización, normas e funcionamento da biblioteca....8
Internet con cabeza....9
Colaboradores da biblioteca 9
Wikipedia e Galipedia....10
3.F-PUBLICACIÓNS 10
Boletíns informativos 10
Paxina web do centro....11
Portal dixital 12
3.G-ANIMACIÓN E FOMENTO DA LECTURA....12
Proxecto lector....12
I Concurso de Lectura en voz alta 13
Festival Cine de terror 13
Mochilas viaxeiras 14
Bolsas para infantil 14
Concurso de Microrrelatos de Nadal....15
O Entroido con Lupiña....16
Libros viaxeiros e colaborativos 16
Visita ao Salón do libro de Pontevedra....17
Obradoiro de ilustración 18
Anxo Moure “Contos do Bosque”....18
Letras Galegas....19
Premio no certame literario de Ames....21
3.H-PROXECTOS DE AULA E CENTRO....21
20 novembro Día internacional dos Dereitos do Neno....21
Día da paz: Moitos pobos, unha mesma casa 22
Leo con Lionni 23
2011 ano internacional dos Bosques 24
Recurso Lim sobre Os Bosques....25
Mostra bibliográfica “O Bosque”....26
Murais sobre a flora e a fauna dos bosques....26
Mesa Redonda no IES de Brión "Os Bosques" 26
Película “O Bosque Animado”....27
Concurso de fotografia “Os Bosques”....27
Roteiro polo bosque de Brión....28
Visita á mostra de materiais sobre o Bosque do IES de Brión 28
Cazatesouros: Que sabemos dos bosques?....29
3.I.-DIFUSIÓN DE NOVOS MATERIAIS....29
3.J.-INTERVENCIÓNS NO CONXUNTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA....30
Maleta de lectura para os profes....30

Charla para as familias: "A aventura de ler".....31
Charla: “Os perigos e riscos da rede: como promover un uso responsable nos nenos”.....31
Charla: “Navega con rumbo” 31
Nais colaboradoras.....32
Constitución da comisión de biblioteca no consello escolar.....32
Visita á nova biblioteca do concello.....32
Lipdub.....32
3.k.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....33
4.-IMPLICACIÓN CENTRO E COMUNIDADE EDUCATIVA.....33
5.-INTEGRACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA NOS PROCESOS DE ENSINO-APRENDIZAXE.....34
6.-ACTIVIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO.....34
7.-PRODUCIÓN DE MATERIAIS.....34
8.-AVALIACIÓN DO PROXECTO.....35
9.-PREVISIÓNS DO FUTURO.....38

1.-CUMPLIMENTO DOS OBXECTIVOS

Nestes intres , transcurrido case un curso dende a nosa incorporación ao Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares da Consellaría de Educación e O.U., é o momento de reflexionar sobre esta andaina que emprendimos con tanta ilusión. Precisamos analizar o nivel acadado na consecución dos obxectivos propostos, os problemas xurdidos, as solucións implementadas, a colaboración e a implicación do alumnado, profesorado e familias... e todos aqueles aspectos que nos permitan avaliar o acontecido, empregando esta avaliación como ferramenta de cambio e mellora de plantexamentos e actividades de cara a cursos posteriores.

Ao ser o noso primeiro *"Plambe",* coidamos que no proxecto presentado fomos demasiado ambiciosos en canto aos obxectivos a alcanzar. Eran propostas que considerabamos interesantes e que logo, no día a día, houbo que reformular, posponer e incluso substituír por outras iniciativas que nos pareceron máis axeitadas nese momento.

A valoración global é moi posítiva, a maioría dos fins propostos forón acadados e desenvolvidos con éxito. Houbo algunha actividade que foi imposible realizar por falta de tempo, por un exceso de actividades ou foi reemplazada por outra opción que xurdiu con posterioridade ao peche do proxecto. Todo non se pode controlar nunha situación tan complexa e na que interveñen tantos factores e hai oportunidades que son imprevisibles pero que non deben deixarse pasar aínda que non estiveran na programación inicial.

Un factor importantísimo que permitiu o desenvolvemento deste proxecto foi a estreita **colaboración** que houbo coa **equipa de dinamización linguïstica, a equipa tics e a comisión de actividades complementarias**, representada no xefe de estudos.

Todos estes grupos fixeron seus os nosos obxectivos e as propostas provintes da biblioteca, apoiando en todo momento as nosas iniciativas, ao mesmo tempo a biblioteca apoiou as proposicións destas equipas. Este aspecto creo que foi esencial e indispensable para que puidera levarse adiante este proxecto. Conformouse unha liña de traballo común que foi moi ben acollida por todo o profesorado e alumnado e fainos ser optimistas de cara ao futuro da biblioteca e proseguir con ganas e ilusión este plan nos vindeiros anos.

2.-HORARIO DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA

A encargada da biblioteca escolar, Belén Gómez Flores, dispuxo, ao longo deste curso, no seu horario dunha hora semanal para a coordinación deste servizo e intentouse, por parte do equipo directivo e dependendo das necesidades do centro, que nas tres sesións de garda do seu horario fora liberada para

adicalas as tarefas propias da biblioteca.
Completando a dedicación da encargada, asignouse no horario de cinco profesores do centro unha hora de dinamización da biblioteca e dúas horas no horario doutra compañeira que tiña maior disposición horaria.

3.-ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

3.A-ESPACIO FÍSICO, EQUIPAMENTO, RECURSOS E FONDOS

Quixemos facer da biblioteca un lugar máis atractivo, cómodo e suxerente e grazas á dotación económica recibida a través deste plan de mellora de bibliotecas escolares puidemos realizar unha remodelación deste espazo co obxectivo de aumentar as súas prestacións e facelo máis acolledor e atraínte. Entre as novidades está a instalación de dúas *novas estanterías* con rodas que permitan unha mellor distribución dos fondos, a creacción dunha zona informal de lectura con *puffs e mesita baixa*, mellora da zona de acceso á internet que pasou a convertirse nunha *mediateca con seis postos de traballo*, adquirimos unha mesa con postos separados e seis equipos informáticos, equipo de audio con micros conectados aos altofalantes que existían.
Tamén colocamos *estores* nas fiestras que ademáis de protexernos nos días soleados, deron un toque de cor e un *vinilo decorativo* na parte superior dunha das paredes. Instalamos dúas estanterías no *almacén* que habilitamos nun dos faiados do cole e outras dúas na *sala de profesores* que servirían para reorganizar os materiais.

Fixemos un mural de Lupiña, a nosa mascota, na parede do patio no que está situada na porta de entrada á biblioteca. Esta parede estaba sen pintar e quixemos aproveitala para que Lupiña dera a benvida á biblioteca dende ela.

Á nosa mascota tanto é o que lle gusta ler que non perde o tempo e aquí a vemos cun libro sobre o colexio e que mellor que facelo nun bosque un tanto "peculiar".

Renováronse os *fondos* da biblioteca coa adquisición de moitos materiais: bliográficos e audiovisuais. Priorizouse a compra de fondos documentais e informativos, debido ao desequilibrio entre materiais literarios e informátivos existentes na nosa biblioteca. Queremos tender á distribución recomendada de 60% en fondos de información e 40% en fondos de literatura, polo que continuaremos con este criterio en anos posteriores. Tamén intentamos que as novas adquisicións foran compensadas en canto á linguaxe e atopamonos coa escaseza de materiais en galego temáticos. Nos materiais de ficción non tivemos este problema xa que a oferta nista lingua é ampla e variada pero non acontece o mesmo no caso de material informativo.

3.B-CATALOGACIÓN, ORGANIZACIÓN DOS FONDOS

Continuamos co rexistro e catalogación dos fondos a través do programa Meiga. Comezamos esta tarefa fai dous cursos, nestes intres imos polos 5.500 rexistros e aínda quédannos por catalogar uns 300 materiais que agardamos completar o próximo curso.
Fixemos un expurgo dos materiais en mal estado ou desactualizados. Algúns dos cales non quixemos tirar por consideralos valiosos, aínda que non utilizables polos alumnos, habilitamos un almacen nun dos faiados do centro no que instalamos dúas estanterías para poder recoller aquí estes materiais. Tamén na Sala de profesores preparamos outro espazo para colocar aqueles materiais propiamente destinados ao profesorado.
Ao comezo do curso ofreceuse aos titores e profesorado en xeral, o rexistro e catalogación dos materiais de aula. Houbo compañeiros que aceptaron esta proposta e que trouxeron os seus fondos para rexistrar á biblioteca. Logo, os materiais que levaron ás súas aulas quedaron como empréstitos de aula. O próximo curso volveremos a ofertar o rexistro dos materiais de aula para, que

pouco a pouco, ir centralizando todos os fondos do centro na biblioteca.
A catalogación fíxose seguindo o criterio da CDU, tivemos que organizar os fondos en seccións acordes con esta clasificación, cando rematemos o rexistro teremos que facer un reaxuste e revisión da colocación e a instalación de carteis definitivos.

No primeiro trimestre fixemos os **carnets de lector** de todo o alumnado e profesorado, empregamos a utilidade que ten Meiga para facelos e as portadas as fixemos con debuxos da nosa mascota feitos o ano anterior polos nenos.
O servizo de empréstito e devolucións realizouse este curso a través de Meiga, os profesores de garda nos recreos da biblioteca e os titores (tras unha pequena formación) foron quen de facelos e aínda que ao principio houbo algún que outro problema, axiña solventáronse e agora mesmo fanse os empréstitos/devolución sen incidencias.

3.C.-ORGANIZACIÓN E HORARIO DE APERTURA

A biblioteca está aberta toda a xornada lectiva para uso do profesorado, o alumnado pode acudir a ela nos recreos da mañán e do comedor, os luns (16:30h. A 17:30h.) na hora de apertura ás familias e sempre que vaían acompañados dun/dunha profesor/a.

Ademáis, cada clase ten reservada unha sesión semanal de uso deste espazo. Nas horas non reservadas empregouse este servizo polos diferentes grupos de xeito ordenado.

O servizo de empréstito de material desenvolveuse no recreo da mañá, os luns de 16:30 a 17:30 ou cando o alumnado acudía a este espazo coa súa titoría, entón o/a encargado/a de rexistrar os empréstitos será o/a titor/a, nos outros momentos foi o profesorado de garda.

As normas de emprego e funcionamento da biblioteca foron recollidas nun documento elaborado pola equipa da biblioteca e que foi posteriormente levado a claustro e ao Consello Escolar, aprobado e incorporado no RRI do centro. (*Anexo 1)*

3.D-FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL

Sesións alumnado sobre a organización, normas e funcionamento da biblioteca

A través dunha animación flash e dunha presentación, Lupiña, a mascota da biblioteca, regresou este curso para falarnos das cousas que podemos facer nela, as normas que debemos respectar, os horarios... .

Así que da man deste xeitosa nena se lles mostrou os aspectos básicos da biblioteca , intentando conseguir usuarios competentes e responsables.

(Animación e presentación no anexo 2)



Tamén elaboramos un recurso LIM para traballar cos alumnos a organización deste espazo con actividades interactivas nas que o alumno profundizará no coñecemento dos materiais da biblioteca, da CDU e os tejuelos.

(Anexo 15)

Internet con cabeza

O alumnado de quinto e sexto do cole tivo a oportunidade de asistir a unha charla dada por un axente da Garda Civil sobre o emprego responsable da rede.

Internet estase convertindo nunha das principais fontes de información, coñecemento e lecer , pero é necesario formar aos rapaces nun uso seguro da mesma co fin de evitar os seus riscos e perigos.

Colaboradores da biblioteca

Este curso comezamos unha nova experiencia que está resultando moi positiva: cada día, no recreo da manán, dous nenos axudan nas tarefas propias deste espazo: colocación dos libros, axudar aos compañeiros na busqueda de materiais, anotar as reservas para *O Ciber*... O obxectivo era involucrar aos rapaces e que sentiran a biblioteca como algo propio, a coñeceran e axudaran a coidala e a manter a orde.

Para formalizar este compromiso, elaboramos un "contrato de colaboración" que foi asinado polos voluntarios. *(anexo 3)*

Cada trimestre renóvanse estes cargos. Ao final de cada un destes periodos fixemos unha pequena festa para agradecerlles a súa participación.

Wikipedia e Galipedia

Presentouse ao alumnado de segundo e terceiro ciclo a Wikipedia e a Galipedía, estas enciclopedias sociales poden ser unha boa ferramenta para o acceso á información e ao coñecemento, sen esquecer a postura crítica que debemos manter ante a información que recollamos. Adaptamos unha presentación da rede para facer este achegamento do alumnado a estas ferramentas *(anexo 4)*, sesión que se realizou na biblioteca. Propúsose aos titores a realización dunha segunda sesión na que os rapaces terían que empregar estas enciclopedias como fonte de información na realización dun traballo escolar.

3.F-PUBLICACIÓNS

Boletíns informativos

Ao longo do curso fomos publicando boletíns de información da biblioteca, no que aparecían as novas e actividades desenvolvidas dende a biblioteca.

Estes boletíns foron distribuídos entre o alumnado e ofertamos ás familias recibir os próximos boletíns e informacións a través do correo electrónico. Se conseguíramos que gran parte das familias soliciten esta modalidade de envio, aforrariamos en papel e contribuiríamos a facer un uso responsable dos recursos naturais. *(Anexos 5, 6, 7)*

Guías de lectura

Dende a biblioteca entregáronse, ao alumnado e ás familias, unhas recomendacións de lectura en dúas ocasións ao longo do curso. As primeiras nas datas do Nadal con suxestións para facer agasallos bibliográficos e a última será en xuño con recomendacións de lecturas no verán.

(Anexo 8)

Paxina web do centro

Na web do centro http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdepedrouzos/ hai un apartado da biblioteca no que publicamos aquelas informacións relacionadas con este servizo educativo. Intentamos ter as novas actualizadas e que sexa unha canle de comunicación coas familias e con toda a comunidade educativa.

Portal dixital

No centro existe unha intranet á que están conectados todos os equipos das aulas, biblioteca, informática... Dende a equipa TICs deseñouse un portal único para todos eles. Ao abrir un navegador aparece o mesmo espazo en todos os ordenadores. Dende esta primeira ventá poderemos acceder á intranet ou a internet.

Na intranet , dentro da aula virtual, creouse a través de moodle un curso/modulo para a biblioteca onde colgamos aqueles materiais que poden ser de utilidade para o traballo dos diferentes proxectos propostos. Tamén hai un acceso á galería multimedia do noso servidor onde están aloxados vídeos, animacións e audios. Estes materiais están a disposición de todo o centro de xeito cómodo e rápido.

No apartado de internet existen accesos en liña que consideramos interesantes para os procesos de ensinanza-aprendizaxe e para a formación dos nosos alumnos: xornais, wikipedia ... e outros de interese relacionados coa biblioteca como o portal do opac de Meiga e bibliotecas virtuais

3.G-ANIMACIÓN E FOMENTO DA LECTURA

Proxecto lector

O curso pasado, na planificación que presentamos na convocatoría do Plambe, indicabamos a intención de solicitar un proxecto de formación en centros do CEFORE para a elaboración do Proxecto lector do centro que estaba ainda sen realizar.

Ao ser seleccionado o noso centro para participar no proxecto Abalar, e coa obrigatoriedade imposta polas administracións educativas de facer un grupo de traballo para formar ao profesorado participante neste proxecto e ao que se

sumaron outros docentes do centro, foi imposible plantexarnos a realización doutro proxecto de formación. Sería inviable e significaría cargar ao profesorado con excesivas horas de docencia e formación.

A pesar disto, a equipa da biblioteca abordou a elaboración do proxecto lector e nestes momentos temos redactado un borrador que queda pendente de discusión e aprobación polo claustro e o Consello escolar no próximo curso.

(Anexo 9: borrador proxecto lector)

I Concurso de Lectura en voz alta

A Consellería de Educación convocou o I Concurso de Lectura en voz alta, **"LER E ESCOITAR"**, destinado ao alumnado de 3º Ciclo de Primaria e 1º Ciclo de ESO.
O concurso tivo unha primeira fase no centro e unha fase autonómica, da que sairon os finalistas da fase última do concurso que se resolveu nun acto de lectura pública.
Dende a biblioteca promoveuse ese certame e foron moitos os alumnos que se animaron a participar. Aínda que non chegamos á fase autonómica a valoración desta actividade foi moi positiva.

(Anexo 10: Cartel anunciador)

Festival Cine de terror

Para celebrar na biblioteca *"O Samaín",* ademáis da mostra de cabazas realizadas polas familias, tivemos o **I Festival de Cine de Terror** de Pedrouzos. Ao longo dun día os nenos e nenas puideron asistir ao pase dalgunha destas película de medo "O Pequeno

Vampiro", "A Momia", "A familia Monster", "Pesadilla antes de Nadal"... Houbo sesións simultáneas en diferentes lugares do cole e tamén na biblioteca nos recreos da mañán e do comedor.

Mochilas viaxeiras

No primeiro trimestre comezamos esta experiencia no primeiro ciclo e como resultou tan positiva a extendimos ao segundo e terceiro ciclo. As mochilas incluían unha escolma de materiais variada (cómic, poesía, inglés, literatura galega/castelán, película..) para que os nenos a disfrutaran coa súa familia ao longo dunha semana. Tamén incluímos materiais para os país e unha libreta onde cada familia/neno podía facer suxestións sobre esta experiencia ou facernos algún outro comentario.

Bolsas para infantil

Lupiña escribiu aos nenos de infantil e invitounos a visitar a biblioteca. Agasalloulles cunha bolsa na que levar á casa os seus empréstitos e devolucións.

Concurso de Microrrelatos de Nadal

No Nadal convocamos un concurso de microrrelatos. Os alumnos-participantes tiñan que escribir unha historia sobre o Nadal empregando un máximo de 50 palabras. Os nenos e nenas participaron con moita ilusión e contamos coa colaboración dos seus titores para axudarlles dándolles unhas pequenas explicacións sobre a estructura deste tipo de textos.

MICRORRELATO GAÑADOR DO 3º ciclo Miguel 6ºB

CEA DE NADAL

Era Noiteboa e unha avoa vivía soa. Estaba triste e deprimida. Intentou chamar aos seus fillos, aos seus netos e a súa irma pero non obtivo resposta.

Estando na cama, escoitou barullo, foi mirar, e alí estaban todos os seus seres queridos cunha gran cea preparada. A avoa sentiuse Féliz!

MICRORRELATO GAÑADOR DO 2º ciclo Inés 3ºA

A CAIXA MISTERIOSA

Un porquiño chamado Pig queriao todo polo Nadal. Un ano Papá Noel trouxolle un coche de xoguete. Xogaba todos os días con el. Ao ano seguinte trouxolle un robot. Deixou o coche tirado e rompeuno. Xa farto, un ano trouxolle unha caixa. Abriuna e estaba baleira. Empezou a xogar con ela e divertiuse.

MICRORRELATO GAÑADOR DO 1º ciclo Sonia 2ºB

A MENSAXE DE NADAL

Había unha vez uns nenos esperando a chegada de Papá Noel. Cando chegou subíu ao trineo e os renos comezaron a voar e encenderon o seu nariz vermello. Os agasallos caeron na neve e convertéronse en árbores de Nadal, no que había unha mensaxe. Que todo o mundo sexa feliz!

Os relatos premiados foron publicados na web do cole.

O Entroido con Lupiña

Lupiña, a mascota da biblioteca, é moi festeira e ao longo da semana do entroido dinamizou está celebración pedindo diferentes adornos que tiñamos que traer cada día.

Libros viaxeiros e colaborativos

Xunto ao equipo de dinamización lingüística, estamos a facer dous libros colaborativos entres os distintos centros educativos do concello, intervindo o alumnado das Escolas de Educación Infantil de Sabaxáns, Os Ánxeles e A Igrexa, do Ceip de Pedrouzos e do Ies de Brión. Son dous libros viaxeiros. O primeiro para infantil e o primeiro ciclo da primaria. O segundo para o resto da primaria e o primeiro ciclo da ESO.

As aportación de cada grupo de alumnos incorporouse a un libro dixital aloxado na nosa web..

Podese acceder a eles dende esta ligazón

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdepedrouzos/category/6/66

Tamén os libros foron expostos no centro dentro das actividades de conmemoración das Letras Galegas e logo pasaron a formar parte dos fondos da nosa biblioteca.

Visita ao Salón do libro de Pontevedra

O alumnado de terceiro e cuarto acompañado polos seus titores visitaron en Abril o Salón do Libro de Pontevedra. Esta feira ten cada ano un centro de interese en torno ao cal organízanse as exposicións, fondos, traballos dos centros e actividades que se organizan. Nesta ocasión todo xiraba en torno "As mentiras".

A visita chamou moito a atención dos nenos, divertíronse ao mesmo tempo que reflexionaron sobre este tema na literatura infantil.

Obradoiro de ilustración

O martes, 5 de abril contamos coa visita de Abraham Carreiro, ilustrador de contos.

A charla versou sobre a elaboración de personaxes, expresións corporais, as cores e todo o que rodea o proceso da ilustración. Os rapaces intentaron remedar as creacións de Abraham facendo os seus propios debuxos. Foi unha experiencia moi proveitosa e interesante. Abraham deixounos algúns dos seus deseños, como unha interpretación da nosa mascota, Lupiña.

Anxo Moure "Contos do Bosque"

O 16 de maio tivemos unha visita moi especial. Anxo Moure chegou, ben cediño, á nosa escola montado na súa Bibliobici. Anxo é unha persoa singular, pertence ao proxecto *Contos Solidarios* e percorre as escolas co obxectivo de sensibilizar e concienciar aos nenos e nenas sobre a necesidade dun compromiso solidario coa natureza, a xusticia e a liberdade, empregando como ferramentas a poesía, o conto, o humor, a mímica... reivindica outro mundo posible a través dun universo paralelo formado polos contos , no que poidamos refuxiarnos para construír un mundo real de respecto e coidado medioambiental.

CONTOS DO CARBALLO CON BOTAS
O carballo con botas existe, no outono recollemos botas vellas, facémoslles buraquiños, enchémolas de terra e pousamos dentro delas belotas, castañas.... para empregalas como viveiros forestais. Na primavera xorden os carballos (e castiñeiros, e nogueiras) con botas, que viaxan o longo do ano polas escolas como parte do proxecto de contos medioambientais, deixando a mensaxe de que dentro do vello, da destrución, do lixo... pode xurdir a esperanza, a vida, o futuro.

Letras Galegas

A equipa de Dinamización lingüística e o Concello de Brión organizaron unha serie de actividades para conmemorar esta data nas que colaborou activamente a biblioteca:

Recurso Ardora sobre a figura de Lois Pereiro

Paquete de actividades con textos e exercicios en torno ao homenaxeado, dirixidas ao alumnado do 2º e 3º ciclo. Esta aplicación está na aula virtual da web e da intranet do centro.

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdepedrouzos/aulavirtual/file.php/39/loispereiro/lois51.htm



Exposición sobre Lois Pereiro

Carteis enviados pola Consellería sobre a figura deste autor e que foi completada cos traballos do alumnado: Caricaturas, caligramas, biografía,...

Na biblioteca colocouse unha estantería con materiais deste autor.

Obradoiros de Poesía

Consideramos que a poesía deste autor é moi complexa para os nosos alumnos polo que decidimos traballar a poesía enfocandoa ao proxecto que estabamos a realizar a nivel de centro "Os bosques". Cada grupo de alumnos elaborou unha poesía sobre unha especie animal ou vexetal que habitan os nosos bosques. Todos os traballos foron expostos na entrada do centro.

Actividades no Centro Polivalente de Brión

Os nosos chavales participaron nas seguintes actividades de animación organizadas polo Concello municipal:

1º CICLO DE PRIMARIA DÍA 19 DE MAIO
A LOCA MOTORA "Carlota e Marieta van en Avioneta"
2º CICLO DE PRIMARIA DÍA 23 DE MAIO
TALIA TEATRO "Mundos contados"
3º CICLO DE PRIMARIA DÍA 25 DE MAIO
CHARO PITA E TIM BOWLEY "Contos a dúas voces"
EDUCACIÓN INFANTIL DÍA 26 DE MAIO
ASOCIACIÓN TEATRAL PASO DE VALVERDE "Un día no Circo"

Premio no certame literario de Ames

Carmela Vieites, alumna de quinto de primaria do noso centro, foi unha das gañadoras no **VIII certame literario** organizado polo concello de **Ames** na modalidade de narrativa.

Carmela presentou un conto feito nun traballo escolar e titulado "Don Pepé, vía teléfono". Dende a biblioteca quixemos coñecer o seu relato e darlo a coñecer ao resto do alumnado para o cal temos previsto realizar unha sesión nun recreo no que a autora faga unha lectura do conto ante os seus compañeiros.

3.H-PROXECTOS DE AULA E CENTRO

20 novembro Día internacional dos Dereitos do Neno

Do día 22 ao 26 de novembro tivo lugar na entrada do colexio unha exposición sobre os dereitos do neno emprestada por Amnistia Internacional.
Aproveitamos para ao longo desta semana dar a coñecelos entre o noso alumnado, sensibilizándolles acerca das inxusticias e violacións destes dereitos que se están a producir en moitos lugares do mundo. A exposición foi visitada por todo o alumnado, acompañado polos seus profesores e cada clase traballou sobre un destes dereitos, elaborando un mural que se expoñera na conmemoración do día da paz.
Tamén expuseronse na biblioteca unha serie de contos sobre este tema, adquiridos polo equipo de dinamización lingüística.

Día da paz: Moitos pobos, unha mesma casa

No noso centro temos a sorte de contar con nenos e nenas provenientes doutros países. Pensamos que unha boa maneira de conmemorar o día da Paz, sería dar a coñecer a todo o alumnado estes países, as súas costumes, paisaxes, xentes... en definitiva a súa cultura.

É a través do coñecemento e do saber como nos facemos máis libres e máis tolerantes.

Ao longo dunha semana e por ciclos, as familias que quixeron participar nesta actividade fixeron unha presentación do seu país e amosarán un "anaquiño" da súa cultura a través dun conto, canción, prato típico...O nivel de colaboración das familias foi alto e resultou moi enriquecedora esta actividade para todo o alumnado.



Leo con Lionni

Quixemos conmemorar o centenario do nacemento deste gran artista, clave na literatura infantil. Leo é autor de obras tan coñecidas como "Pequeno azul e pequeno amarelo", "Frederick", "A casa máis grande do mundo"... moitas delas publicadas de novo por mor deste aniversario.

Tivemos un primeiro contacto con el a través dunha animación na que nos falaba de se mesmo, investigamos sobre a súa vida a través dunha Webquest, puidemos ler e disfrutar das súas historias e ilustracións na exposición que houbo na biblioteca, coñecimos algúns dos seus libros-albúms e ata intentamos imitar as súas técnicas plásticas, facendo algún dos animais que tanto lle interesaron. Os alumnos de Infantil fixeron un vídeo cos seus traballos sobre o conto de Frederick.

Foi un proxecto moi completo e permitiunos compartir aprendizaxes, coñecementos e emocións.

(Anexo11: Animación flash na que Leo Lionni fala da súa vida)

(Anexo 12: Frederick, conto dos alumnos de Infantil)

2011 ano internacional dos Bosques

Este ano tivemos moito que conmemorar! Co gallo da declaración do ano 2011 como o Ano Internacional dos Bosques, dende a bilioteca e en coordinación coa equipa de dinamización lingüística, propusemos a todo o centro facer un proxecto de investigación sobre este tema. Aproveitamos a nosa contorna para coñecer e estudar este importantísimo ecosistema, reflexionar sobre as relacións que se establecen entre os seus compoñentes e tamén para darnos conta da importancia do seu coidado e conservación. Quixemos traer a nosa biblioteca un anaquiño deste espazo natural que ía ser o noso obxecto de estudo e investigación, cunha decoración relativa a este tema. Fixemos árbores de cartón e goma espuma, animais con plástico adhesivo e colocamos bolboretas por diferentes lugares da biblioteca.

Este proxecto estase a desenvolver en colaboración co IES de Brión, polo que se plantexaron actividades conxuntas entre ambos centros como a visita do noso alumnado a unha mostra de "Plantas do bosque" no IES. Para captar a atención do alumnado fíxose un xogo de animación "A planta segreda", cada día colocabase unha pola dunha das plantas da exposición e se lles pedia aos alumnos o seu nome, para o cal tiñan que buscar entre os carteis e fotografias da mostra. Outra das actividades conxuntas foi a exposición dos traballos

realizados polo noso alumnado nas dependencias do IES, xunto cos traballos realizados por eles, visita guiada do profesorado para coñecer as árbores e arbustos plantados no recinto do IES, concurso de fotografía...

Recurso Lim sobre Os Bosques

Elaborouse un recurso sobre o tema do Bosque, comeza cunha presentación de información para pasar a actividades sobre flora e fauna que deben ser resoltas polo alumnado. Este recurso colgouse na intranet para que poida ser empregado por todo o cole.

(Anexo 13 Recurso Lim "As árbores")

Mostra bibliográfica "O Bosque"

Seleccionaronse os materiais que tiñamos na biblioteca sobre este tema e xunto a outros de nova adquisición montamos unha pequena exposición nunhas estanterias de sobremesa sobre este tema.

Murais sobre a flora e a fauna dos bosques

Acordamos que cada clase investigara sobre unha especie de flora e outra de fauna. Elaborouse un listado para que cada titor puidera elexir a planta/animal sobre o que ían traballar.

Despois de buscar e tratar a información, os alumnos debían completar unha ficha no que apareceran aquelas características máis significativas, datos como nome vulgar, nome científico, altura, descripción das polas/tronco/follas... foron algúns sobre os que os rapaces tiveron que recoller e seleccionar a información.

Elaboráronse estas fichas en tamaño A3 e fíxose unha exposición con todas elas, despois faremos un libro con todos estes traballos que entrará a formar parte dos fondos da nosa biblioteca.

Mesa Redonda no IES de Brión "Os Bosques"

O martes 13 de abril ás 18:30h, tivo lugar no IES de Brión unha mesa redonda onde se tratarán as seguintes cuestións:

- A importancia do ecosistema bosque e a importancia de preservalo.
- A evolución do uso dos bosques nos últimos corenta anos
- Os bosques de Brión: estado actual e perspectivas de cara ó futuro.

Os convidados a esta mesa son: Adolfo Cordero Rivera (profesor da Escola de Enxeñería Técnica forestal da Universidade de Vigo), Eduardo Rico Boquete (profesor da Facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela).

A esta mesa estabamos convidados o profesorado de Pedrouzos e tamén as familias.

Película "O Bosque Animado"

O derradeiro día do segundo trimestre, 15 de abril, quixemos organizar unha xornada especial e aproveitamos para ver a película de animación "O Bosque animado" de Filmax. A maioría dos cursos a virón na sesión da mañán e aproveitaron a tarde para facer algunha actividade sobre este filme.

Concurso de fotografia "Os Bosques"

O Ceip de Pedrouzos e o IES Brión convocaron este certame no que puideron participar o alumnado e o profesorado destes centros. Os interesados presentaron unha fotografía orixinal sobre este tema, tanto en formato dixital como en papel. O prazo para a entrega dos traballos comezou o 27 de abril e rematou o 10 de maio. A participación foi moi numerosa, preto de sesenta traballos foron presentados a este concurso e moitos deles de moi boa calidade.

Cos exemplares entregados en papel montouse unha exposición na entrada do centro á que foron convidados os compañeiros e profesorado do IES e as familias.

As fotos presentadas ao concurso foron publicadas na galería de imaxes da nosa web http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdepedrouzos/galeria/thumbnails.php?album=63

Coas fotografías en papel elaborouse un libro que pasará a formar parte da biblioteca.

Roteiro polo bosque de Brión

Para coñecer os bosques cos que contamos no noso concello, estamos a organizar un roteiro pola zona alta de Brión. O roteiro de aproximadamente 6 kilómetros comeza nas instalacións deportivas que ten o concello preto do río Tambre e no límite con Negreira e transcurre polas aldeas de Salaño e Forxán na parroquía de Ons. Participaran nesta actividade o alumnado de terceiro, cuarto e quinto de primaria.

Esta actividade, que se realizará nos últimos días do curso, permitirá observar e coñecer as especies de flora e fauna máis comúns das nosas fragas: castiñeiro, carballo, sabugueiro, acibro...

Visita á mostra de materiais sobre o Bosque do IES de Brión

A visita, na que participou o noso alumnado, estaba composta de tres partes:

Invernadoiro: Os alumnos do IES que participarón na súa construcción explicáronnos como foi o proceso e proposta de actividades relacionadas coa xeometría e áreas.

Mostra de traballos : fichas flora e fauna, tipos de bosque, aproveitamento forestal... aos alumnos se lles pedía algunha tarefa axeitada a súa idade que esixía a busca de información nos paneis da mostra.

Observación e estudo dunha **árbore** autóctona das nosas fragas no patío do instituto. O alumnado a través da observación tiñán que recoller, analizar e plasmar a información sobre esta especie.

Para a realización desta actividade contamos coa axuda do profesorado do IES que propuseron actividades para o noso alumnado que tras ser filtradas ou remodeladas polos nosos titores, serviron de obxecto de aprendizaxe para os nosos nenos e nenas.

Cazatesouros: Que sabemos dos bosques?

Elaborouse un cazatesouros sobre este tema no que se plantexaba aos alumnos unha serie de cuestións, ofrecéndolles recursos onde atopar esta información. A actividade remata cunha pregunta final máis xeral onde os nenos e nenas deben reflexionar e sintetizar o aprendido nunha conclusión final. O cazatesouros esta colgado na aula virtual da web do centro

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdepedrouzos/aulavirtual/file.php/40/bosques/A%C3%B1o%20Internacional%20de%20los%20Bosques1.htm



3.I.-DIFUSIÓN DE NOVOS MATERIAIS

Ao longo do curso houbo tres exposicións dos **fondos** adquiridos para a biblioteca, se lle mandou información aos profesores e se lles invitou a baixar cos seus alumnos a coñecelos.

Unha vez rematadas as exposicións algúns destes materiais colocaronse no expositor de "novidades" á entrada da biblioteca.

Intentamos seleccionar materiais de calidade e atractivos que respondan aos intereses e gustos do noso alumnado.

Púsose un enlace no portal da intranet ao opac de meiga para que dende calquera ordenador do centro poiderase acceder fácilmente ao noso catálogo e poder consultar os fondos e o seu estado de emprésito.

3.J.-INTERVENCIÓNS NO CONXUNTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Maleta de lectura para os profes

A *Asesoría de bibliotecas escolares* puxo a disposición dos centros unhas maletas viaxeiras co fin de achegar, ao profesorado que as solicite, uns materiais que sirvan para reforzar e apoiar as súas propias iniciativas de formación no ámbito do fomento da lectura.

A maleta contén unha selección de materiais imprescindibles á hora de abordar as aprendizaxes en materia de lectura e de adquisición do hábito lector.

A maleta ubicouse na sala de profesores e permaneceu alí dende setembro ata finais de outubro. Os profes que o desexaron puideron levar emprestados estes materiais.

Neste curso a biblioteca organizou dúas charlas para as familias. Intentamos elexir temas do seu interese relacionados coa lectura, hábitos, emprego da rede...

Charla para as familias: "A aventura de ler"

O día 21 de decembro, ás 17h. As profesoras Isabel Fraga e Mariela Resches da Universidade de Santiago, faláronnos sobre a importancia de fomentar entre os nenos e nenas os hábitos lectores e o gusto pola lectura como xeito de aprender, coñecer e ao mesmo tempo disfrutar.

Charla: "Os perigos e riscos da rede: como promover un uso responsable nos nenos"

O martes **5 de abril ás 16:30** , houbo unha **charla para familias e profesorado** na que se tratou este tema e se deron unha serie de consellos e normas de actuación sobre como promover un uso axeitado da internet por parte dos rapaces. Aqueles pais que quixeron puideron levar os seus portátiles e configurar o contro parental de Windows.

Charla: "Navega con rumbo"

O día 26 de maio houbo unha charla a que podían asistir as familias e na que un membro do Colexio de Enxeñeiros da Coruña falounos sobre as posibilidades e opcións da rede.

Nais colaboradoras

Continuamos este curso co rexistro dos fondos da nosa biblioteca, trátase dunha, tarefa laboriosa que compartiu a equipa de profesores con dúas nais que se ofreceron a colaborar. No próximo curso queremos promover esta participación facendo un ofrecemento a todas as familias a participar neste grupo de pais "amigos" da biblioteca e darlles máis funcións neste servizo.

Constitución da comisión de biblioteca no consello escolar

Esta comisión foi constituída en xaneiro. Debido a atrancos externos ás competencias da biblioteca, non puidemos ter a reunión preceptiva do primeiro trimestre. A comisión quedou composta por un pai do Consello, unha representante da Anpa, un mestre do Consello e da equipa de biblioteca, o xefe de estudos como representante da dirección, o responsable da biblioteca municipal e a encargada da biblioteca.
Nestas reunións expuséronse as actividades planificadas e promovidas dende a biblioteca e recolléronse ideas e suxestións para mellorar este servizo.

Visita á nova biblioteca do concello

A biblioteca do Concello de Brión cambiou, este curso, de ubicación. Co fin de dar a coñecer entre o noso alumnado as novas dependencias, organizamos visitas en colaboración cos encargados. Alumnos de Infantil e de cuarto de primaria asistiron a sesións de formación onde se lles explicou a organización e funcionamento, intentando promover a utilización deste servizo municipal.

Lipdub

Dende a biblioteca estamos a promover esta actividade no centro. O obxectivo do mesmo é amosar a nosa comunidade o noso centro, unha das dependencias claves será a biblioteca, e xerar dinámicas de traballo colectivo, colaboración e participación. Intentamos que participen todos os alumnos do centro, profesorado e resto do persoal como coidadoras, conserxe, limpiadoras e cociñeiras.
Nestes intres estanse a realizar os ensaios por titorias e a semana do 13 ao 17 de xuño pasaremos a realizar as gravacións. A intención é de colgar este vídeo na web do cole.

3.k.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na elección dos novos fondos, plantexámonos como criterio de selección que responderán ás necesidades do noso alumnado. Intentamos que "todos" estiverán representados dalgún xeito e que os fondos materiais foran variados e suficientes para dar resposta ás diferencias individuales entre os nosos chavales. Decatámosnos da falta de materiais que tratarán o tema da discapacidade, da emigración ou de outros tipos de familias (divorcios, parellas homosexuales, familia monoparental..).
Buscamos contos, relatos ou historias nos que os protagonistas foran persoas con algún tipo de discapacidade ou onde se plantexarán relacións familiares diferentes as tradicionais. As editoriais non prestan moita atención a estes temas e a oferta é escasa; aún así atopamos algúns títulos que adquirimos e pasaron a formar parte da nosa colección.

4.-IMPLICACIÓN CENTRO E COMUNIDADE EDUCATIVA

A acollida recibida por parte da comunidade educativa, familias, concello, profesorado e alumnado ante este proxecto pode valorarse de xeito moi positivo. Dende o principio contamos co apoio das familias, a través de iniciativas individuais, a Anpa do colexio ou a través dos representantes no Consello Escolar. Foi gratificante e estimulante saber que as familias valoraban o noso esforzo por dinamizar ese servizo e contar coa súa colaboración.
A equipa da biblioteca estivo constituída por dez mestres do cole, un tercio do claustro, o que reflexa a gran repercusión que tivo entre os docentes do centro.
Ademáis puidemos contar coa axuda e a boa disposicion do resto do claustro cara as actividades e propostas lanzadas dende a biblioteca.
Tamén destacar a colaboración entre o noso centro e o instituto que permitiu organizar actividades conxuntas, aproveitando os recursos humanos e materiais de ambos centros.
O Concello e concretamente a biblioteca e a concellería de cultura e deporte facilitounos a realización de varias actividades, centradas no coñecemento dos servizos municipais e dos recursos ambientais.
A resposta do alumnado foi moi boa, tanto na colaboración directa a través de 30 voluntarios do terceiro ciclo que repartidos en grupos de dez, axudaron nas tarefas propias deste espazo educativo, como na participación nas actividades propostas, incluso incorporando na nosa programación suxestións dos propios alumnos e alumnas.

5.-INTEGRACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA NOS PROCESOS DE ENSINO-APRENDIZAXE

A biblioteca ten un papel fundamental na facilitación de recursos que sirvan aos procesos de ensino-aprendizaxe.
No noso centro non existía esta dinámica de traballo e poucas veces se empregaba a biblioteca como centro de recursos para buscar, ampliar e adquirir coñecemento, convertindo a información en "saber". Unha das causas pode deberse á falta de materiais documentais e informátivos axeitados. Os nosos fondos estaban compostos fundamentalmente por materiais de ficción. Os recursos temáticos eran moi escasos e moitos dos que había eran antigos ou non axeitados para nenos. Co orzamento recibido intentamos reforzar este tipo de fondos e conseguir unha colección variada que dera resposta aos contidos propios do curriculum de infantil e primaria. De xeito que a biblioteca contara con materiais interesantes e significativos para atender aos temas das diferentes áreas. Tamén intentamos dar a coñecer estes materiais entre o alumnado e o profesorado para que despois puideran ser empregados con fins educativos e de aprendizaxe.
Destacar os recursos dixitais que se facilitaron e especialmente as Web-quest e Cazatesouros que constitúen unha nova maneira de aprender basada na formación documental, na busqueda de información e na análise crítica que nos permita seleccionar o fundamental e relevante.

6.-ACTIVIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO

Cursos realizados pola encargada da biblioeca ao longo deste curso:
III Encontros de bibliotecas escolares de Galicia 29 e 30/10/2010 (12h)
Curso 20 h. Xestión informatizada da biblioteca escolar. Proxecto Meiga 15/10/2010 a 20/12/2010
Encontros centros do Plambe 8/9 de abril do 2011

Na primeira destas actividades: III Encontros de bibliotecas escolares de Galicia, tamén participou unha compañeira, membro da equipa da biblioteca, María Penide.

7.-PRODUCIÓN DE MATERIAIS

Os materiais elaborados aparecen no listado seguinte e recóllense como anexos no cd-rom enviado xunto á presente memoría.

Anexo 1.Normas da biblioteca no RRI
Anexo 2. Animación e presentación de Lupiña na que presenta ao alumnado as normas e funcionameno da biblioteca
Anexo 3. Contrato dos colaboradores da biblioteca

Anexo 4. Presentación Wikipedia/Galipedia
Anexo 5,6 e 7 Boletíns informativos
Anexo 8 Triptico con suxestións de lectura para o Nadal
Anexo 9 Borrador proxecto lector
Anexo 10 Cartel anunciador do concurso "ler e escoitar"
Anexo 11 Animación de Leo Lionni
Anexo 12 Frederick, conto elaborado en Infantil
Anexo 13 Recurso Lim "As árbores"
Anexo 14 Liñas prioritarias de actuación

8.-AVALIACIÓN DO PROXECTO

Imos analizar o grado de cumplimento dos obxectivos propostos no noso proxecto "A biblioteca, o teu mellor plan" desenvolvido no curso 2010/11. Estes obxectivos foron:

- Convertir a biblioteca nun **espazo de lectura, información, investigación, aprendizaxe e lecer.**

Coidamos que contribuímos a que a biblioteca aumentara en protagonismo e relevancia na vida do centro. Xeneráronse moitas dinámicas dende este servizo e convertiuse nun elemento de referencia para a maioría do alumnado e profesorado. Este proceso ten que plantexarse a longo tempo e é preciso que nos vindeiros anos se consolide como eixe central das actividades do centro.

- Ofrecer recursos documentais, informativos e culturais a **tódolos sectores** da nosa comunidade educativa: alumnos, profesores e familias.

Na renovación dos fondos, intentouse responder aos gustos, intereses e inquietudes de todos os sectores da nosa comunidade, deuse prioridade ao alumnado e quédanos pendiente aumentar os fondos adicados ao profesorado e familias. Tamén precisamos ter unha oferta máis variada de material audiovisual.

Favorecimos a compra de materiais informativos e temáticos, debido ao deficit nos nosos fondos deste tipo de recursos. Aún non contamos cos volumes suficientes pero seguiremos con este criterio nos próximos cursos, intentando crear unha biblioteca que de resposta ás necesidades curriculares dun centro educativo.

- Completar a **catalogación dixital** dos fondos existentes na biblioteca e en todo o centro para que dende a biblioteca, se xestionen e centralicen todos

estes recursos.

Esta tarefa foi levada a cabo pero aínda non finalizamos coa catalogación dos fondos que remataremos o próximo curso. O elevado número de obras rexistradas, ao redor de 5.500, unhas 3.500 este curso, fainos sentirnos satisfeitos con esta labor. Comezamos co rexistro dos materiais das bibliotecas de aula pero deberemos continuar o próximo curso. As tarefas de rexistro e catalogación, tarefas administrativas, esixiron moito tempo e traballo dos membros da equipa da biblioteca, agardamos que no novo curso estes traballos se completen no primeiro trimestre e non nos resten tantos esforzos e poidamos adicar estas forzas a tarefas máis educativas de cara á formación de usuarios ou de animación á lectura.

- Promover actuacións que posibiliten entre os nosos alumnos a **educación documental** entendida como aprendizaxe de habilidades para o acceso á información de xeito crítico e xeneradora de coñecemento, aprendendo a empregar estas capacidades en situacións diversas.

Este obxectivo non foi plenamente acadado, aínda que se fixo algunha experiencia de cara a súa consecución non foi suficiente para conseguir lectores autónomos e competentes na busqueda de información coas estratexías suficientes para a transformación da información en coñecemento. Continuaremos traballando neste senso.

- Apoiar os **procesos de ensinanza-aprendizaxe** que teñen lugar na nosa comunidade ofertando recursos de calidade que axuden ao **desenvolvemento das CCBB**.

Este obxectivo debe ser traballado a longo prazo, convertir a biblioteca nun centro de recursos para a adquisición de aprendizaxe esixe crear dinámicas de busqueda, discusión e reflexión. Temos que traballar nesta dirección e amosar aos docentes as posibilidades reais de aprendizaxe que ofrece este servizo para que as empreguen cos seus alumnos. Ao aumentar os materiais temáticos e informativos propiciouse que o profesorado e o alumnado comezarán a empregalos como base, nalgunhas ocasións e noutras como complemento ás actividades curriculares de aula.

- Coordinar a elaboración e desenvolvemento do **plan lector**.

Como xa indicamos con anterioridade, non puidemos constituírnos en grupo de traballo, como era a nosa intención, para a elaboración do plan lector do centro. A pesar disto, a equipa da biblioteca comezou a súa confección, reflexionando sobre a situación actual e facendo propostas que fomenten estas competencias entre o noso alumnado. Completouse un primeiro borrador que deberá, o curso próximo, ser consensuado por todos os membros do claustro

de xeito que desta *"discusión"* saía o plan definitivo, aprobado e ratificado por todo o profesorado do centro.

- Facer unha "**biblioteca integradora**" na que todos teñamos cabida e especialmente aqueles alumnos con necesidades específicas de atención educativa e aqueles sectores desfavorecidos socialmente.

Este obxectivo vaise acadando de xeito progresivo. Se queremos que a biblioteca sexa un espazo para todos é preciso atender nos fondos e na distribución os seus gustos e necesidades e especialmente daqueles alumnos que precisan unha atención educativa individual, derivada das necesidades educativas.

- **Colaborar** e coordinarnos co equipo de normalización lingüística, equipo tics, extraescolares e departamento de orientación para levar a cabo un **"Proxecto de Centro" coherente e de calidade.**

Este obxectivo foi plenamente conseguido, a coordinación entre as equipas foi total e as diferentes iniciativas foron apoiadas por todos estos grupos. Ademais, entendemos que esta e a única maneira para conseguir que exista un proxecto eficaz e coherente de centro.

- Realizar actividades de animación á lectura que promovan no noso alumnado a consolidación do **hábito lector e o pracer na literatura**.

Houbo unha oferta ampla de actividades que tiveron este obxectivo, algunhas destas estaban programadas dende un principio e outras foron xurdindo sobre a marcha e levadas a cabo ao considerar que eran interesantes para o noso alumnado, outras foron propostas por outras entidades, IES, dinamización lingüística, Concello, Consellería...

- Promover as **relacións** con outras entidades como outras bibliotecas, ANPA... e colaborar e participar nas campañas e accións institucionais de fomento da lectura.

As relacións con estes sectores e entidades foi real e efectiva, destacar tamén a colaboración que existiu co IES de Brión, co que compartimos actividades e iniciativas como se pode ver nesta memoría. Abrimos unha vía de traballo e colaboración con eles que queremos manter nun futuro.

9.-PREVISIÓNS DO FUTURO

Pretendemos continuar nesta liña de traballo nos próximos cursos.
Volvimos a presentarnos á nova convocatoria do Plambe (Orde do 17 de marzo de 2011) e agardamos volver a ser seleccionados para continuar neste proxecto. Grazas a experiencia deste curso fixemos unha proposta de actuacións máis axustada á nosa realidade e posibilidades, facendo maior fincapé naqueles aspectos que quedaron máis *descolgados* ou que vimos deberiamos mellorar para acadar os fins propios deste servizo educativo. *(Anexo 14 Liñas prioritarias de actuación)*
Coidamos que a Biblioteca non pode ser plantexada a curto/medio prazo, é un espazo que require consolizarse, facerse un lugar na dinámica dos centros e ir pouco a pouco aumentando o seu alcance, ata facerse indispensable nos procesos educativos. Os que formamos parte desta equipa tamén precisamos adquirir experiencia e dinámicas de traballo máis efectivas e acertadas. Continuando por este camiño iremos facendo da nosa biblioteca un lugar central da vida do centro tanto en aspectos de aprendizaxe académico, convivencia, dinamización e formación documental.

Director do CEIP Pedrouzos

Asinado: …….....

Brión a 8 de xuño de 2011